

Concurso de Podcasts

Algo que contar? Algo que cantar?

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega organiza este concurso coa finalidade de fomentar o uso oral do galego en todos os contextos, neste caso utilizando novos medios de comunicación que poden ser canles de divulgación de contidos relativos a calquera tipo de coñecemento. Son formatos novos que poden potenciar novas formas e procesos expresivos. ✦

Bases do concurso

1. Os podcasts terán que ser gravacións orixinais que poderán versar sobre calquera tema.
2. Todo o podcast estará en galego.
3. Valorarase a calidade lingüística e o seu carácter construtivo (linguaxe non discriminataria, linguaxe non sexista), a comunicación e espontaneidade.
4. Os/as participantes concursarán individualmente e ou en grupo. Poderán participar cun máximo dun podcast.
5. O resultado será unha peza radiofónica gravada nun arquivo .mp3 dunha extensión máxima de 10 minutos. A superación dese tempo pode supor a descalificación.
6. O concurso vai destinado a dúas categorías:
 - Categoría xeral
 - Centros de ensino
7. Os podcasts participantes será publicados na nosa páxina web: <https://www.as-pg.gal/Podcast/> dentro da canle Podcasts 2020.
8. Haberá un primeiro premio de 300 euros para o mellor podcast de cada categoría. Un segundo premio de 200 euros en cada categoría.
9. Inscripción:
As/os participantes deberán enviar a seguinte documentación:
 - Ficha de inscrición con todos os datos requeridos.
 - Na categoría de centros de ensino, fotocopia do director/directora e permiso das familias das persoas participantes.
 - As pezas gravadas deberán ser enviadas ao correo informacion@as-pg.gal. O prazo remata o día 15 de decembro.

10. Xurado

A AS-PG como entidade organizadora, nomeará un xurado que estará composto por persoas de recoñecida profesionalidade do mundo da comunicación e da creación.

O xurado designará un máximo de tres obras finalistas en cada categoría. Entre esas finalistas estarán as gañadoras.

A composición do xurado farase pública na web da AS-PG. O ditame do xurado será inapelable.

11. Entrega de premios

As pezas gañadoras daranse a coñecer na web da AS-PG, caderno xeral ou novidades, arredor do 20 de decembro. Non haberá acto de entrega de premios presencial pola situación sanitaria na que vivimos.

12. Responsabilidade

A persoa representante da obra será a única responsable legal do podcast.

As obras admitidas poden ser emitidas naqueles actos sen ánimo de lucro organizados para a promoción do concurso.

A participación neste concurso supón a aceptación plena destas bases.

A Coruña, novembro de 2020.

ORGANIZA:



COLABORA:



Deputación
DA CORUÑA

